

OLIVER BUTTON É UNHA NENA

Texto e ilustracións de TOMIE dePAOLA

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 21,6 x 27,8 cm. 48 páx. 15 €.

PREMIO LAURA INGALLS 2011 / IRA-CBC CHILDREN'S CHOICE

Oliver Button é unha nena (galego)

ISBN 978-84-8464-172-8. Tras os montes.

Oliver Button es una nena (castelán)

ISBN 978-84-8464-197-1. Clásicos contemporáneos.

L'Oliver Button és una nena (catalán)

ISBN 978-84-16804-84-9. Clásics contemporanis.

Oliver Button poxpolin bat da (éuscaro)

ISBN 978-84-89172-133-8. Gaur egungo klasikoak.

Oliver Button é uma menina (portugués)

ISBN 978-989-749-123-8. Clásicos contemporáneos.

A Oliver Button chamábanlle nena.


A el non lle gustaba facer as cousas que se supón que fan os nenos. Gustáballe xogar no bosque e saltar á corda.

Gustáballe ler libros e facer debuxos...

Oliver é diferente: gústalle a natureza e a lectura, xoga con bonecas de papel e encántalle disfrazarse para cantar e, sobre todo, bailar. O seu pai preferiría que practicase deportes pero, a súa falta de habilidade para o exercicio físico fai que os seus compañeiros de escola o marxinen, se burlen del e o intimiden. «Oliver Button é unha nena», chegaron a pintar nunha parede.

Tomie dePaola creou esta historia dende a súa propia experiencia; pouco mudaron as tornas dende 1979. Os estereotipos e os roles de xénero que diferencian as nenas e os nenos polos seus gustos e a súa aparencia externa, o acoso contra quen actúa á marxe das pautas sociais, seguen sendo unha lacra na sociedade actual.

Moitas nenas e nenos identificáranse con Oliver, coa súa sensibilidade artística, co tesón, co esforzo e coa superación para desenvolver as súas inquedanzas persoais a pesar da intolerancia e do rexeitamento alleos. A obra de Tomie dePaola -ilustrada con viñetas de debuxos figurativos e suaves tonalidades cromáticas- tamén plasma a importancia do apoio nos eidos familiar e escolar para que Oliver forxe a súa autoestima, acade o respecto que merece e sexa feliz.



■ **Temática:** respecto á diversidade.

■ **Idade recomendada:** dende 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** contra os estereotipos e os roles de xénero; acoso escolar; educación inclusiva; autoestima, desenvolvemento persoal; sensibilidade artística, danza; outros títulos relacionados: «[Orelas de bolboreta](#)», «[Distinta](#)», «[Cándido e os demais](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**


<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/oliver-button-e-unha-nena-g>

Tomie dePaola

(Estados Unidos, 1934)

Graduouse en Belas Artes no Instituto Pratt de Brooklyn, ampliando a súa formación académica en California e mais en San Francisco. Durante case dúas décadas traballou como profesor de arte en varios colexios, ata que a finais dos anos 70 retirouse da docencia para dedicarse a escribir e a ilustrar libros. As súa primeira publicación como ilustrador data de 1965; dende entón suma máis de 260 obras para público infantil. Entre os recoñecementos que recibiu destacan as medallas Caldecott 1976 e Newbery 2000, os premios Golden Kite 1983 e 1987, Jeremiah Ludington Memorial 2000, Children's Literature Legacy 2011 e a nominación ao premio Hans Christian Andersen 1990.

<https://www.tomie.com>



www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com